

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 21 de agosto de 2026 pola que se amplía o prazo establecido no artigo 28 da Resolución do 16 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para proxectos de enerxías renovables de uso térmico no sector residencial en ámbitos non urbanos, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia (códigos de procedemento IN421H e IN421P).

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 12, do 20 de xaneiro de 2026, publicouse a Resolución do director do Inega, do 16 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para proxectos de enerxías renovables de uso térmico no sector residencial en ámbitos non urbanos, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia (códigos de procedemento IN421H e IN421P).

O procedimientto de concesión destas subvencións tramitouse en réxime de concorrència competitiva, segundo o disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co disposto no artigo 28 das bases reguladoras das axudas, a data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de setembro de 2026.

O artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Neste procedemento de concesión de axudas estanse a rexistrar numerosas solicitudes de prórroga por parte dos beneficiarios, motivadas nas dificultades existentes para



executar e xustificar os investimentos subvencionados na referida data límite, por motivos técnicos e pola demora nas entregas de materiais polos provedores; ademais, non existe a posibilidade de causar prexuízos a terceiros.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificar a data límite que figura no artigo 28 das bases reguladoras para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa, a cal se amplía ata o 23 de outubro de 2026.

Segundo. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (www.inega.gal), para os efectos previstos no artigo 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Terceiro. De acordo co disposto no artigo 32.3 da LPACAP, contra este acordo non cabe recurso de ningún tipo.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2026

Pablo Fernández Vila
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: 4lsa9na7-s6n7-xkx3-e1y1-pbedfprrhxj4

